

**INFORME REUNIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DA SELECCIÓN DOS TRABALLOS GAÑADORES DO I CONCURSO APROL DA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2021**

Reunense dunha parte o seu Presidente Antonio Diebe Sanmartín (Alcalde) a Secretaria, Adelaida Fátima Abad Isla Traballadora Social e como vogal, María Isabel López Becerra Auxiliar Administrativa de Servizos Sociais, todos do Concello de Irixoa, coa finalidade de decidir, de entre os traballos presentados polos alumnos do CEIP Virxe da Cela, cales son os gañadores do Concurso arriba citado.

Antes de citar os gañadores, cómpre, dar as gracias a todos os alumnos participantes e os profesores sen a participación e implicación dos cales, non se podería levar a cabo esta actividade promovida desde este Concello.

Todos os traballos realizados nos parecen dignos de premiar pola súa calidade na súa elaboración, pero o que se premia segundo o punto terceiro das bases do concurso son: a presentación, o esforzo e a orixinalidade do traballo, así como a lingua e o contido da mensaxe.

Polo tanto, este tribunal decide, por unanimidade, dar os primeiros premios a:

O grupo de 3 a 7 anos: Elisa Fernández Vázquez por "Alas para volar"

O grupo de 8 a 12 anos: declárase deserto por non haber participantes desta idade.


O grupo de 13 anos en diante: Hugo Lucía Romero por "Igualdade"

O premio consistirá para o primeiro grupo, nunha mochila de tea co debuxo gañador impreso na mesma. Todos os alumnos de Infantil recibirán a dita mochila posto que os participantes eran desa etapa escolar.

Para o terceiro grupo o premio será, unha libreta de espiral que levará na portada o debuxo gañador. Como no caso anterior a libreta será repartida entre todos os alumnos da etapa escolar á que pertence o gañador.

Irixoa, 31 de marzo de 2021


O Presidente,



Antonio Deibe Sanmartín



A Secretaria,



Adelaida F. Abad Isla